

## CONVOCATORIA DE BOLSA ERASMUS+ FP MEDIO 2025-2026

Programa Erasmus+ KA122-VET (FORMACIÓN PROFESIONAL)

Centro Privado Plurilingüe Liceo “La Paz”

Convenio nº 2025-1-ES01-KA122-VET-000309717

### Obxecto da convocatoria

Concesión de **10 bolsas Erasmus+ KA122-VET** de mobilidade de estudantes para facer prácticas en empresas da Unión Europea (SMT), dentro do programa 2025-1-ES01-KA122-VET-000309717, xestionado polo CPR Plurilingüe Liceo La Paz.

Concesión de **3 bolsas Erasmus+ KA122-VET** de mobilidade de estudantes para facer prácticas de longa duración como recién titulados en empresas da Unión Europea (SMT), dentro do programa 2025-1-ES01-KA122-VET-000309717, xestionado polo CPR Plurilingüe Liceo La Paz.

### Destinatarios

Alumnado en oferta ordinaria, matriculado no Liceo La Paz nun Ciclo Formativo de Grao Medio, que vaia realizar o módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) no curso 2025-26 e desexe realizalo en empresas de países da Unión Europea.

### Requisitos para participar

- Estar matriculado/a no Colexio Liceo La Paz nos últimos módulos dun Ciclo Formativo de Grao Medio.
  - Reunir os requisitos académicos e administrativos para poder realizar a FCT.
  - Ter nacionalidade española ou dun país participante no programa Erasmus+.
  - Posuír un coñecemento suficiente do idioma do país de destino ou de inglés (nivel recomendado B1).
- Realizarase proba de nivel oral e escrita se non se achega certificación oficial.
- Presentar a solicitude e documentación completa dentro do prazo establecido.

### Contía da bolsa

O alumnado seleccionado recibirá unha axuda económica total que cobre desprazamento, aloxamento, manutención e seguro, calculada segundo o país de destino e a duración da estadía. As cantidades serán as determinadas pola Axencia Nacional SEPIE para o curso 2025-26. Poderán concederse axudas complementarias a participantes con menos oportunidades.

### Período de estancia

A mobilidade terá unha duración de 2,5 meses (89 días), coincidindo co período de realización da FCT, durante os meses de marzo-abril-maio de 2026.



Erasmus+



Cofinanciado por el  
programa Erasmus+  
de la Unión Europea

## Países e empresas de destino

Os destinos habituais inclúen: Portugal, Italia, Polonia, Estonia, República Checa e Irlanda, aínda que poderán considerarse outros países con convenio Erasmus+ vixente. O equipo docente e o titor/a, xunto coas coordinadoras Erasmus+, determinarán o país e a empresa de destino en función do perfil do alumnado. Valorarase positivamente que o alumnado aporte unha carta de aceptación dunha empresa externa ao listado proposto polo Departamento Erasmus.

## Prazo e presentación de solicitudes

O prazo de presentación será do 17 de outubro ao 17 de novembro de 2025, mediante o formulario oficial Erasmus+ dispoñible na web do centro:  
<https://fp.liceolapaz.com>

## Criterios de selección e valoración dos candidatos

| <i>Criterio</i>                                                | <i>Ponderación</i> | <i>Requisitos / Avaliación</i>                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|----------------------------------------------------------------|--------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b><i>Expediente académico</i></b>                             | 30%                | Media mínima de 6,00 no expediente do ciclo formativo.                                                                                                                                                                                                                                          |
| <b><i>Coñecemento de idiomas</i></b>                           | 30%                | Nivel mínimo recomendado B1 (proba escrita e oral ou titulación oficial equivalente).                                                                                                                                                                                                           |
| <b><i>Autonomía persoal, responsabilidade e motivación</i></b> | 25%                | Avaliación realizada por tres docentes do ciclo segundo a rúbrica oficial (Anexo I). A puntuación media determinará a nota final deste apartado. <b>IMPORTANTE:</b> As rúbricas serán entregadas polo profesorado directamente a coordinación Erasmus+ e non pasarán previamente polo alumnado. |
|                                                                | 15%                | CV en Formato Europass<br>Carta de Motivación                                                                                                                                                                                                                                                   |

En caso de empate, aplicarase a seguinte orde de desempate: igualdade de xénero, expediente académico, valoración docente, proba de idiomas e, se fose necesario, sorteo final.

Unha vez valoradas todas as solicitudes publicarase a resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web erasmus <https://erasmus.liceolapaz.com/> do centro, Contra esta resolución os interesados poderán presentar unha solicitude de revisión, ante a Dirección do Centro, no prazo de 5 días hábiles contados a partires da data de publicación.

## Lista reserva



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE



LICEO LA PAZ  
FORMACIÓN PROFESIONAL de

Crearase unha lista de reserva para cubrir posibles renuncias, respectando o equilibrio entre ciclos e departamentos.

## Recoñecemento académico

A mobilidade Erasmus+ permitirá a realización da totalidade da FCT no país de acollida, con pleno recoñecemento académico e rexistro do Certificado Europass Mobility e o Suplemento Europeo ao Título.

## Destinos con los que existen acuerdos para la realización de prácticas:

IMPORTANTE: O alumnado así como as familias do alumnado deben comprender que a decisión final para realizar as súas prácticas Erasmus+ no extranxeiro depende única e exclusivamente das empresas de acollida. En consecuencia, recordamos a todos os participantes que, o proceso de selección é longo e que non sempre finaliza coa realización da movilidad Erasmus.

| <i>Ciclo Formativo Superior</i>                   | <i>Países</i>  |                |  |
|---------------------------------------------------|----------------|----------------|--|
| <b>Cuidados Auxiliares de Enfermería</b>          | K-122 Portugal |                |  |
| <b>Guía en el Medio Natural y de Tiempo Libre</b> | K-122 Portugal | K-122 Polonia  |  |
| <b>Emergencias Sanitarias</b>                     | K-122 Portugal | K-122 Italia   |  |
| <b>Farmacia y Parafarmacia</b>                    | K-122 Portugal |                |  |
| <b>Gestión Administrativa</b>                     | K-122 Polonia  |                |  |
| <b>Sistemas Microinformáticos y Redes</b>         | K-122 Estonia  | K-122 Portugal |  |



Erasmus+



Cofinanciado por el  
programa Erasmus+  
de la Unión Europea

## ANEXO I – RÚBRICA DE AVALIACIÓN DOCENTE

Responsabilidade, autonomía e motivación do alumnado candidato a Bolsa Erasmus+

| Indicador                                 | Descrición                                                                                              | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|-------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|---|---|
| Responsabilidade académica e puntualidade | Cumpre cos prazos, entrega tarefas, asiste regularmente ás clases e mostra compromiso co traballo.      |   |   |   |   |   |
| Actitude e motivación cara á aprendizaxe  | Mostra interese real pola súa formación, participa activamente nas actividades e busca mellorar.        |   |   |   |   |   |
| Capacidade de traballo en equipo          | Coopera con compañeiros/as, respecta opinións e contribúe positivamente ao clima do grupo.              |   |   |   |   |   |
| Autonomía e iniciativa persoal            | Resolve tarefas sen depender constantemente do profesorado, propón ideas e toma decisións responsables. |   |   |   |   |   |
| Adaptabilidade e xestión das dificultades | Afronta con madurez situacións novas, cambios ou imprevistos, buscando solucións efectivas.             |   |   |   |   |   |
| Actitude profesional e madurez persoal    | Mostra respecto, confidencialidade e comportamento adecuado nun contexto de empresa.                    |   |   |   |   |   |

Cada docente completará unha folla individual. A media das tres valoracións determinará a puntuación final (máx. 5 → 30% da nota total).

Profesor/a avaliador/a: \_\_\_\_\_ Ciclo: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_ Sinatura: \_\_\_\_\_